



CONCELLOS

CASTRO DE REI

Anuncio

Por resolución de Alcaldía nº 756-2024 de data 11 de decembro de 2024, resolveuse formalizar o contrato como persoal laboral fixo do Concello de Castro de Rei a:

- D^a Irene Fernández López, con DNI ***5812**, na praza de auxiliar biblioteca Trapero Pardo.
- D^a Sandra Corbelle Ferreiro, con DNI ***4041**, na praza de conserxelimpador do CEIP Ramón Falcón.
- D. Juan Díaz Rodríguez, con DNI ***4856**, na praza de condutor de tractor.
- D. Alfonso Gómez Carballeira, con DNI ***4279**, na praza de peón de servizos múltiples.
- D. Miguel Rico Andión, con DNI ***5140**, na praza de peón de servizos múltiples.
- D. Antonio García Fernández, con DNI ***0494**, na praza de peón de servizos múltiples.

Castro de Rei, 20 de xaneiro de 2025.- O alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 0147

FRIOL

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día vinte de xaneiro do corrente, prestouse aprobación inicial ao seguinte padróns correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2024:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga e I.V.E sobre o seu consumo (incluído o canon da auga).
- Padrón da taxa pola recollida do lixo.
- Padrón da taxa polo tratamento e eliminación de residuos.

Na mesma sesión tamén se aprobou o padrón da rede de sumidoiros correspondente ao exercicio 2024.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente, ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas e canon, indicados previamente, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no vixente Regulamento Xeral de Recadación e, no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, o comprendido entre o quince de febreiro e o quince de abril de dous mil vinte e cinco, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas

contas bancarias respectivas, o día un de marzo do actual, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás Oficinas Municipais, onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar dito pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixírase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Friol, 20 de xaneiro de 2025.- O ALCALDE, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0148

GUITIRIZ

Anuncio

Publicación da resolución de alcaldía 2025-0029 de data 16.01.2025 pola que se acorda resolver o proceso selectivo de 3 peóns de brigada verde, persoal laboral fixo (OEP de 2020, ficha 24, códigos 33, 34, 35). Exp. 363/2020.

“DECRETO RESOLUCIÓN PROCESO SELECTIVO DE 3 PEÓNS DE BRIGADA VERDE, PERSOAL LABORAL FIXO (OEP DE 2020, FICHA 24, CÓDIGOS 33, 34 E 35). Expte. 363/2020.

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- *Acordo de Xunta de Goberno Local de data 30/10/2023 de aprobación das bases reguladoras e convocatoria para o proceso de selección de 3 peóns de brigada verde como persoal laboral fixo mediante concurso - oposición (OEP 2020, ficha 24, códigos 33, 34 e 35).*
- *BOP de Lugo nº 289 do 19 de decembro de 2023, foi publicado o anuncio da aprobación de bases e convocatoria do proceso selectivo. En datas 05/02/2024 e 13/02/2024 publicáronse anuncios da convocatoria no DOG e BOE respectivamente.*
- *Notificacións os traballadores adscritos provisionalmente a ficha nº 24, códigos 33, 34 e 35 na data 15/02/2024.*
- *Decreto da alcaldía 2024-0199 de data 19/03/2024 polo que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos. Devandita lista foi publicada no BOP de Lugo de data 14/10/2024.*
- *Decreto de alcaldía 2024-0853 de data 29/10/2024 aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no expediente de selección de referencia, nomeando os membros do tribunal e data de constitución do mesmo. Publicase no BOP nº 254 de data 4/11/2024.*
- *Actas nº1, nº2, nº3, nº4 e nº5 cos correspondentes anuncios do tribunal con proposta de resolución na acta nº5 do tribunal a Sra. Alcaldesa para que proceda a resolución do expediente de selección de persoal e a contratación como persoal laboral fixo de:*

SELECCIÓN 3 PEONS BRIGADA VERDE, PERSOAL LABORAL FIXO						
APELIDOS	NOME	DNI ANONIMIZADO	FASE CONCURSO	FASE OPOSICIÓN	COÑECEMENTO GALEGO (CELGA 1 ESIXIDO)	TOTAL PUNTUACIÓN
GATO ADAMS	ELSA CLARA	***8034**	2	61,70	ACREDITADO CELGA 1	63,70
SALGUEIRO NOVO	JOSE CARLOS	***2455**	2	60,35	ACREDITADO CELGA 1	62,35
ARES BELLO	ANDRÉS	***1886**	3	53,70	ACREDITADO CELGA 1	56,70

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e demais normativa concordante.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1 h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Resolver o proceso de selección de 3 peóns de brigada verde como persoal laboral fixo mediante concurso- oposición de acordo coa proposta do Tribunal Cualificador de data 13/01/2025:

NOME E APELIDOS	DNI ANONIMIZADO
Gato Adams, Elsa Clara	***8034**
Salgueiro Novo, Jose Carlos	***2455**
Ares Bello, Andrés	***1886**

SEGUNDO.- Outorgar tendo en conta a base 9.1. un **prazo de cinco días**, contados dende o seguinte a aquel no que se notificase a resolución de alcaldía, deberán presentar na secretaría do Concello de Guitiriz os seguintes documentos, agás que xa obren no expediente:

- Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.
- Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria.
- Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
- Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

Quen dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentase a documentación esixida, non poderá ser contratada, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade da solicitude de participación.

Quen tivese a condición de empregado público estará exento/a de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar unicamente certificación do Ministerio ou Organismo do que dependan acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

Cumprimentado o anterior procederase a sinatura dos contratos laborais fixos polos/as aspirantes aprobados/as.

O réxime de contratación laboral será o previsto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración fixa. Aos contratos deben engadirse as demais condicións establecidas con carácter preceptivo no ordenamento xurídico aplicable.

TERCEIRO.- *Notificar a presente resolución ás persoas interesadas, comunicala aos servizos municipais afectados aos efectos oportunos, e publicala no BOP da provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios, na paxina web municipal e na sede electrónica.*

Guitiriz, 17 de xaneiro de 2025.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0149

OUROL

Anuncio

Con data dezaseis de xaneiro de dous mil vinte e cinco o Sr. Alcalde-Presidente asinou o Decreto nº 2025-0007, que literalmente di:

“DON JOSÉ LUIS PAJÓN CAMBA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUROL, PROVINCIA DE LUGO.

Visto que con data vinte e seis de decembro mediante Resolución nº 2024-0527, esta Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía:

- O desenvolvemento da xestión económica de conformidade co orzamento aprobado, dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das contempladas no artigo 158.5 da Lei 39/1998, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, sempre que aquelas estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o dez por cento dos seus recursos ordinarios, agás as de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o quince por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, ordear pagamentos e rendir contas; todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Aprobar a oferta de emprego público de conformidade co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno.
- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, agás nos casos en que a devandita facultade estea atribuída a outros órganos.
- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.
- O outorgamento das licenzas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
- Ordear a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.
- A competencia como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- A adxudicación de concesións sobre os bens da Entidade Local e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millón de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.
- A potestade sancionadora en materia urbanística baseándose no artigo 222.1 da LOUG.
- As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao concello e non o atribúan a outros órganos municipais.

Visto que a devandita delegación comprendía as facultades de resolver procedementos administrativos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

Vista a necesidade dunha maior axilidade para o impulso e resolución dos asuntos municipais, é convinte avocar o exercicio das competencias delegadas e residenciais novamente na Alcaldía.

Por todo isto, en virtude do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo cos artigos 43, 44, 45, 114 a 118 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, RESOLVO:

1º.- Avocar as competencias que foron delegadas na Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución de Alcaldía, nº 2024-0527 de data vinte e seis de decembro, de conformidade co disposto nos artigos 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 21.3 da Lei 7/1985, e 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

2º.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo sen prexuízo de que surta efectos dende o mesmo día da súa sinatura de conformidade co disposto no artigo 44.2 do Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

3º.- Dar conta da presente Resolución no primeiro Pleno ordinario que se celebre de conformidade co disposto no artigo 44.4 do Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Ourol, dezaseis de xaneiro de dous mil vinte e cinco.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 0150

PANTÓN

Anuncio

Que na sesión ordinaria do Pleno celebrado o 20/12/2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo que transcrito literalmente di:

“**Expediente nº: 1007/2024**

Memoria de Alcaldía

Asunto: Cesión gratuita de parcela para construción de Centro de Saúde.

Á vista dos seguintes antecedentes:

Con data do 26.06.2023 o Concello de Pantón formaliza a adquisición dunha parcela con referencia catastral 3170208PH1037S0001SZ, e superficie de 676 m² que conta cun alpendre no seu interior de 18 m

A dita adquisición formalízase mediante escritura de compravenda otorgada perante o Notario de Monforte de Lemos Pedro Antonio Luna Vega, e figura inscrita no Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos no Tomo 776, libro 155, no Folio 81, identificada como finca número 14.627.

O ben figura inscrito sen cargas nin gravames.

Con data do 04.01.2024 o Concello asina Convenio de Colaboración co Servizo Galego de Saúde para a execución das obras de construción dun novo centro de saúde para o Concello. En virtude do dito Convenio o Concello adquire o compromiso de operar a cesión patrimonial da dita parcela ao servizo de saúde.

Obran no expediente os seguintes trámites preceptivos:

Documento	Data/N.º
Memoria Xustificativa	16.12.2024
Informe de Secretaría	16.12.2024
Informe Técnico	16.12.2024
Informe de Intervención	16.12.2024

Realizada a tramitación legalmente establecida, propónse ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO. Iniciar o expediente para ceder gratuitamente a favor do Servizo Galego de Saúde o seguinte ben inmovible:

Ref. Catastral	3170208PH1037S0001SZ
Localización	Travesía do Concello de Pantón, n.º 6
Clase:	Urbana
Superficie:	676 m ² que conta cun alpendre no seu interior de 18 m ²
Cargas ou gravames:	Sen cargas
Destino do ben:	Centro de saúde

A cesión sométese a condición de que o dito ben sexa destinado a finalidade de construción dun centro de saúde para o Concello de Pantón, de modo que, o incumprimento desta condición será causa da súa resolución.

SEGUNDO. Someter o expediente a un período de información pública por prazo de vinte días laborais mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello, a fin de que os interesados presenten as alegacións que estimen pertinentes.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello *dirección* <https://panton.sedelectronica.gal/info.0>

TERCEIRO.- No caso de non presentarse alegacións a cesión terá a consideración de definitiva sen precisar dun novo acordo plenario para a súa efectividade.

CUARTO.- Notificar ao Servizo Galego de Saúde aos efectos oportunos.”

Pantón, 20 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0151

O SAVIÑAO

Anuncio

CONVOCATORIA DE POXA PARA ALLEAMENTO DE BENS NON UTILIZABLES (Expte. 1187/2024)

De conformidade coa Resolución de Alcaldía 2025-0008, de data 17/01/2025, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria da poxa para o alleamento dos seguintes bens mobles:

Descrición dos bens	Uds.	Valor mínimo
Farolas (columna luminaria + farol de forxa cor negra). Restos metálicos.	180	9.000 €

Os interesados, previa solicitude, poderán visitar as instalacións municipais para ver as condicións e características dos bens obxecto de alleamento.

O prazo para a presentación de ofertas será de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao de publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio.

Modalidade de presentación: as persoas obrigadas a relacionarse coa Administración Pública por medios electrónicos, realizaran a presentación das ofertas a través da sede electrónica do concello <https://concellodosaviñao.sedelectronica.gal/>

No caso de concorrer persoas non obrigadas a relacionarse coa Administración por medios electrónicos e opten pola presentación física da súa proposición, poderán facelo no Rexistro Xeral do Concello de O Saviñao, en Praza de España nº 1, 27540 Escairón, O Saviñao (Lugo), en horario de atención ao público de 9 a 14 horas, en sobre pechado e no prazo sinalado.

O tipo da poxa á alza é o de 9.000,00 euros.

O prego de condicións particulares atópase a disposición dos interesados nas oficinas municipais, e publícase no Taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello: <https://concellodosaviñao.sedelectronica.gal/>

O Saviñao, 20 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0152

TABOADA*Anuncio***CONVOCATORIA DE EMPREGO.**

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 15.01.2025 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 15.01.2025 aprobou as bases para seleccionar **2 PEÓNS DE OBRAS no marco do PLAN DIPUTACIÓN PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024**. Duración: 6 meses

- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será incluído o rateo das pagas extra. **de 1.323,00€.**
- Funcións: propias de peón de obras segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio BOP DE LUGO.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 15 de xaneiro de 2025.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 0125

O VALADOURO*Anuncio***RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: APROBACIÓN PROCESO SELECTIVO. 2 ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (ARTIGO 2 DA LEI 20/2021)**

DON JOSÉ MANUEL LAMELA PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O VALADOURO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade coas “Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de persoal funcionario de carreira no Concello de O Valadouro incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello de O Valadouro para o ano 2022, artigo 2 da Lei 20/2021, sistema de concurso-oposición, acceso libre,” publicadas no BOP de Lugo núm. 289 de 20 de decembro de 2022, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello de O Valadouro para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 118, do 25 de maio de 2022 (corrección de erros publicada no BOP de Lugo núm. 127, de 4 de xuño de 2022).

Rematado o procedemento de selección por concurso-oposición, o día 13 de decembro de 2024, publicouse na sede electrónica do Concello de O Valadouro e no taboleiro de anuncios da entidade a proposta de contratación e a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación realizada polo Tribunal.

De acordo co establecido no punto 14 das bases xerais, a alcaldía resolverá definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas aspirantes propostas polo Tribunal e interesadas, que acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria. E o punto 15 establece que a toma de posesión das persoas incluídas na resolución da Alcaldía para cubrir as prazas convocadas, efectuarase no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP de Lugo.

Visto que a persoa candidata proposta e interesada, de conformidade coas bases, achegou a documentación esixida nas bases xerais e específicas no prazo establecido.

RESOLVO

Primeiro.- Nomear como funcionaria de carreira do Concello de O Valadouro, para unha **praza de ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL**, a xornada completa, incluída na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello de O Valadouro para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 118, do 25 de maio de 2022 (corrección de erros publicada no BOP de Lugo núm. 127, de 4 de xuño de 2022), coa seguinte aspirante:

APELIDOS E NOME	DNI
FANEGO CANDIA, LUCÍA	****8392*

Segundo.- Publicar esta resolución no BOP de Lugo, na sede electrónica do Concello de O Valadouro: <https://valadouro.sedelectronica.es/info.1> e no taboleiro de anuncios da Entidade.

O Valadouro, 14 de xaneiro de 2025.- O alcalde-presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 0153
